

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 3 DE MAIO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Proxecto de Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

**DECRETO**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Axencia Galega de Infraestruturas, sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) á contratación da "Execución e xestión da fase I da ampliación sur e o mantemento posclausura do vertedoiro de Areosa (NC0002/2012)", por importe de trinta e oito millóns setenta e catro mil trinta e tres euros con oitenta e sete céntimos (38.074.033,87 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello da Coruña, para o cofinanciamento da redacción da "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Coruña", por importe de douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros (262.500,00 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do Centro de Formación Profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2012-2013, por un importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2012-2013, por un importe total de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 euros).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria (Importe: tres millóns douscentos oitenta e cinco mil setecentos oitenta e sete euros (3.285.787,00 euros)).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto " Obras de construción da plataforma da liña de alta velocidade Madrid-Galicia" sobre a que cualifica a varios montes veciñais en man común situados na provincia de Ourense. Superficie total de afección: 3.916,97 ha.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o Plan de enogastronomía de Galicia. Resumo executivo.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a central de chamadas do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a Escola de Pais e Nais do Servizo Galego de Saúde.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o Plan para a dinamización demográfica de Galicia e de apoio integral á familia 2012-1015, horizonte 2020.

## **O CONSELLO APROBA O PROXECTO DA PRIMEIRA LEI DO TAXI DE GALICIA PARA ACHEGAR AO SECTOR UN MARCO ESTABLE E DE MAIOR SEGURIDADE XURÍDICA NO CONTEXTO DE CRISE ACTUAL**

- *Ata o de agora non existía en Galicia unha normativa propia, que ordenase este tipo de servizos, polo que se trata dunha lei pioneira nesta materia*
- *O número de profesionais beneficiados ascende a máis de 4.000 taxistas, na súa maior parte autónomos cun único vehículo.*
- *Ademais existen na nosa comunidade 138 vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor e xestionados por 18 empresas*
- *A Lei establece unha limitación do número de licenzas vixentes en cada concello en función da súa poboación, aínda que tamén se prevé un procedemento específico para acomodar ese número ás necesidades reais de cada municipio*
- *Prevese a posibilidade de interconectar os sistemas de Radiotaxi, o que permitirá dispor dun único número de chamada para toda Galicia*
- *Desde a entrada en vigor da lei, os concellos terán un prazo dun ano para adaptar as súas ordenanzas municipais, na medida do necesario, á nova norma*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o proxecto de Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que será remitido de inmediato ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación.

Cando o texto legal entre en vigor converterase na primeira Lei do taxi de que disporá a nosa Comunidade Autónoma, posto que ata o momento o sector se regula a través dunha serie de disposicións xerais que foron aprobadas fai máis de 30 anos, como é o caso do regulamento de servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóbiles lixeiros, aprobado mediante Real decreto 763/1979.

Trátase, polo tanto dunha Lei pioneira nesta materia que chega ademais nun momento clave posto que un dos seus obxectivos é achegar estabilidade e unha maior seguridade xurídica ao sector no contexto da crise económica actual, establecendo un marco legal claro e duradeiro, adaptado á realidade actual deste tipo de transporte. Tamén se introducen criterios para a renovación progresiva do sector co obxectivo de incrementar a súa competitividade nunhas condicións de sustentabilidade e calidade na prestación do servizo.

O número de profesionais beneficiados ascende a máis de 4.000 taxistas, na súa maior parte autónomos cun único vehículo. Ademais existen na nosa comunidade 138 vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor e xestionados por 18 empresas. A Lei suporá unha mellora para todos os galegos, os turistas e visitantes en

xeral que poidan demandar servizos de transporte en taxi ou en vehículos de aluguer con condutor.

### **Clarificación dos requisitos**

Un dos aspectos máis salientables da lei é que achegará maior claridade ao sector, no sentido de que harmonizará os requisitos que deben cumprir os taxis tanto no ámbito urbano como interurbano. Entre outras cuestións, a norma aprobada hoxe establece o procedemento para obter a licenza municipal necesaria para facer servizos dentro do núcleo urbano, e coordina esta competencia local coa autorización autonómica para realizar servizos interurbanos.

Regúlanse tamén as chamadas Áreas Territoriais de Prestación Conxunta (ATPC) para dar resposta ás necesidades reais dos usuarios, de xeito que cando a mobilidade recorrente dos cidadáns a ámbitos supramunicipais así o requira, impulsaranse este tipo de áreas. Deste xeito, as ATPC agruparán a varios concellos nos que os vehículos con licenza de taxi estarán facultados para a prestación dos servizos que se realicen integramente dentro da dita área ou se inicien no interior desta.

### **Limitación de licenzas**

A lei establece unha limitación do número de licenzas vixentes en cada concello en función da súa poboación, aínda que tamén se prevé un procedemento específico para acomodar ese número ás necesidades reais de cada municipio, determinadas, entre outras cousas, polas actividades de natureza comercial, industrial, lúdica ou turística que se desenvolvan no concello.

Adaptarase con carácter xeral o número máximo de taxis por concello actual (1 taxi / 1.000 habitantes) á distinta realidade territorial. Non obstante, os concellos, sempre coa Xunta de Galicia, poderán incrementar o número de taxis no marco das necesidades de mobilidade do seu territorio.

<b>Continente xeral: número de taxis por concello</b>	
Concellos cunha poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes	1 licenza de taxi por cada 1.100 habitantes, cun mínimo de dúas licenzas de taxi por concello.
Concellos cunha poboación superior a 20.000 e inferior ou igual a 150.000 habitantes	1 licenza de taxi por cada 1.000 habitantes
Concellos cunha poboación superior a 150.000 habitantes:	1 licenza de taxi por cada 900 habitantes

Coa entrada en vigor da nova lei ordénase a maneira de adjudicar as licenzas mediante concurso público ao que poderán presentarse as persoas que cumpran os requisitos para ser titulares destas. Así mesmo, prevese a existencia dun rexistro público de licenzas e autorizacións no que figuren a identificación da persoa titular, ademais doutros datos para efectos de notificacións administrativas.

Desde a entrada en vigor da lei, os concellos terán un prazo dun ano para adaptar as súas ordenanzas municipais, na medida do necesario, á nova norma.

### **Radiotaxi**

Coa posta en marcha da Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia prevese a posibilidade de interconectar os sistemas de Radiotaxi, o que permitirá dispor dun único número de chamada para toda Galicia, ao mesmo tempo que se facilitará o establecemento dunha imaxe de calidade e homoxénea dos vehículos de taxi, mantendo a identificación local.

Outro dos aspectos novidosos da normativa consiste na regulación da actividade do taxi e a do transporte en réxime de arrendamento de vehículos con condutor, establecendo así as diferentes condicións de prestación de ambas as dúas categorías de transporte, para garantir a competencia leal entre ambas.

### **Dereitos e deberes dos usuarios**

A Lei do taxi define os deberes dos usuarios e os seus dereitos, unha circunstancia que ata o de agora non aparecía regulada con claridade nin plasmada nun texto legal:

<b>Dereitos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Acceder ao servizo en condicións de igualdade.</li><li>• Recibir axuda as persoas con mobilidade reducida, así como na carga e equipaxe daquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou as mulleres xestantes.</li><li>• Identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta.</li><li>• Adecuadas condicións dos vehículos.</li><li>• Seleccionar o percorrido a seguir e, de non o facer, que se faga polo máis curto.</li><li>• Poder ir acompañado dun can-guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.</li><li>• Recibir información sobre a prestación do servizo: identificación do vehículo e o seu titular, da persoa que o conduciu, recibir a factura co prezo, ...</li><li>• Dispor de medios para formular as súas reclamacións en relación coa prestación do servizo.</li></ul>
<b>Obrigas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Comportamento respectuoso durante a prestación do servizo.</li><li>• Non interferir na conducción do vehículo.</li><li>• Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.</li></ul>

A norma aposta tamén por mellorar o nivel de accesibilidade do servizo a persoas con mobilidade reducida, tanto mediante a progresiva adaptación dos vehículos como a través da axuda que deben prestarlles os condutores. Estes vehículos desenvolverán a súa actividade de forma xeral, aínda que deberán dar servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida. Tamén se prevé unha paulatina implantación de taxímetros que emitan sinais perceptibles para persoas con discapacidades visuais ou auditivas e a prestación dun servizo máis cómodo ás mulleres xestantes.

Neste sentido, remítese á normativa estatal para establecer o número mínimo deste tipo de taxis (actualmente, un 5% do total) e regúlase un procedemento específico para que en 2018 todos os concellos cumpran ese mínimo.

### **Diálogo social**

A Lei do taxi elaborouse baixo o consenso e o diálogo social, mantendo reunións cos representantes de asociacións do taxi e do aluguer de vehículos con condutor, ademais de organizacións, colectivos, representantes das sete grandes cidades e usuarios, entre outros.

Durante a fase de información pública recibíronse un total de 15 alegacións procedentes sobre todo do sector e dos usuarios, que se tiveron en conta para redactar o texto articulado que aprobou hoxe o Consello da Xunta.

Unha das cuestións incorporadas logo da análise de alegacións consiste na creación dun órgano de interlocución específico do taxi como unha comisión especial dentro do Consello Galego de Transportes, de maneira que se asegure a representatividade deste sector no principal órgano de asistencia e consulta en materia de transporte da Xunta de Galicia.

Finalmente, quedará clarificada a situación do sector do taxi establecendo un réxime transitorio sobre licenzas preexistentes, onde se intentará facer unha transición paulatina ás novas regras establecidas pola lei; así, as licenzas actuais continuarán en vigor, incluso se se superan os límites cuantitativos ou de acumulación nunha mesma persoa, ata o momento da transmisión.

## **A XUNTA AFORRARÁ UN MILLÓN DE EUROS CADA ANO COA REDUCIÓN DE SALARIO E DIETAS DOS DIRECTIVOS DAS EMPRESAS PÚBLICAS**

- ***Ningún directivo terá unha retribución fixa superior á do presidente da Xunta***
- ***Estas decisións enmárcanse na Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, que tamén suspendeu o complemento de altos cargos***
- ***O Executivo autonómico mantivo os salarios dos empregados públicos***

O Goberno galego aforrará un millón de euros cada exercicio coa rebaixa do salario e das dietas dos directivos das empresas públicas do sector autonómico. Así se recolle nun decreto da Consellería de Facenda aprobado hoxe ao Consello da Xunta, logo do informe favorable por parte do Consello Consultivo.

O texto establece que ningún directivo poderá ter unha retribución fixa superior á do presidente da Xunta. O decreto fixa para o persoal directivo de cada entidade ata cinco niveis. Desta forma, a Comunidade galega dótase dunha norma, con criterios homoxéneos e obxectivos, para fixar as retribucións dos directivos e dos membros de consellos de administración de entes públicos.

Coa próxima entrada en vigor deste decreto, aplicarase unha redución do 15% nas axudas de custo que perciben os directivos das empresas públicas por asistencia a Consellos de Administración.

A regulación deste decreto responde aos principios de solidariedade, eficiencia e austeridade, ao que se engade na presente norma o principio de transparencia, posto que a Consellería de Facenda publicará na web as retribucións do persoal directivo do sector público autonómico.

Estas dúas revisións enmárcanse na Lei de medidas temporais de determinadas materias do emprego público, aprobada recentemente e que habilitou o Consello da Xunta a tomar estas decisións para adecuar a criterios obxectivos as retribucións do persoal directivo.

Ademais, supón a segunda medida que afecta a retribución do persoal de máxima responsabilidade dependente da Xunta de Galicia, logo de que se acordase tamén a suspensión do denominado complemento de altos cargos. Pola contra, o Executivo autonómico mantivo os salarios dos empregados públicos galegos.



## **AXEGA COLABORARÁ COA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIDADÁ**

- ***O Consello aprobou un acordo entre o 112 e a Axencia Galega de Infraestruturas para axilizar o intercambio de información entre ambos entes***
- ***A finalidade do acordo é actuar de xeito máis eficiente ante as posibles emerxencias que poñan en risco a poboación, a seguridade viaria, os bens, a mobilidade dos cidadáns, as subministracións estratéxicas***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega), e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

A finalidade do acordo é que ambos os centros estean informados con carácter prioritario en relación ás emerxencias e incidencias que poidan producirse nas instalacións e infraestruturas de AXI, susceptibles de poñer en risco a poboación, a seguridade viaria, os bens, a mobilidade dos cidadáns, as subministracións estratéxicas ou ben o ambiente na comunidade galega, e que exixan ou poidan exixir a intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento, calquera que sexa a Administración pública competente para a prestación material de asistencia requirida en cada caso.

Así, o texto do convenio establece que o intercambio de información se realizará con carácter prioritario, a través de canles específicas e diferenciadas entre a AXEGA e a AXI, con referencia á información cartográfica e xeográfica dixital, intercambio de recursos e ferramentas informáticas, inventario, catálogo e conservación da rede de estradas autonómicas, así como sobre os datos contidos no catálogo de medios e recursos dispoñibles para a atención de emerxencias.

A AXI poñerá en coñecemento do 112, as emerxencias e incidentes que poidan producirse nas infraestruturas da súa competencia, e para unha maior coordinación no suposto de emerxencia, a AXI facilitará ao 112 Galicia a información actualizada necesaria sobre aquelas instalacións e infraestruturas da súa competencia, como planos, puntos quilométricos, localizacións, horarios de explotación, responsables de explotación, responsables de seguridade localizables ás 24h, plans de emerxencia, e calquera outra información que se considere necesaria de común acordo.

Pola súa banda, o 112 informará coa máxima prioridade posible a AXI de todas as emerxencias e incidentes dos que teña coñecemento que afecten ou poidan ser susceptibles de afectar as instalacións e infraestruturas competencia da AXI. Do mesmo xeito enviará os informes de predición meteorolóxica elaborados pola Axencia Estatal de

Meteoroloxía (AEMET) e METEOGALICIA, así como as alertas que se declaren no territorio de Galicia.

As comunicacións entre o 112 Galicia e a AXI deberán poder realizarse as 24 horas, os 365 días ao ano e serán efectuados polos interlocutores designados para tal efecto por ambas as partes.

## **SOGAMA LICITA, POR MÁIS DE 38 MILLÓNS, A EXECUCIÓN E XESTIÓN DA PRIMEIRA FASE DE AMPLIACIÓN DO VERTEDOIRO DE AREOSA**

- ***Estímase que no transcurso do contrato, con vixencia para catro anos, se exploten e selen dentro desta nova área os vasos de vertedura comprendidos entre o 1 e o 4, debendo deixar totalmente preparado o número 5***
- ***O adxudicatario queda obrigado a presentar, en primeira instancia, o proxecto construtivo e de selaxe da ampliación, así como os permisos e autorizacións vixentes, dando cumprimento á lexislación aplicable***
- ***Con carácter previo ao comezo da explotación dunha cela de vertedura, farase necesario que a seguinte se atope totalmente executada e aprobada por parte da Administración competente, incluídos os sistemas de drenaxe, conducción e recepción de lixiviados***
- ***Con esta ampliación, Sogama contará con espazo suficiente para albergar 1.260.000 toneladas de residuos urbanos, unha medida preventiva posta en marcha ata a plena implantación do novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020***
- ***Considerarase que a obra de selaxe e clausura definitiva estará totalmente finalizada cando Sogama obteña por parte da Administración a declaración pertinente.***

A Sociedade Galega do Medio Ambiente saca a concurso, por un importe de máis de 38 millóns de euros (38.074.033) e un período temporal de catro anos, a execución e xestión da fase I da ampliación sur do vertedoiro de Areosa, en Cerceda (A Coruña), así como o mantemento posclausura deste, estimando que no transcurso do contrato se exploten e selen, dentro desta nova área, os vasos de vertedura comprendidos entre o 1 e o 4 (con capacidade para 315.000 toneladas de residuos cada un), debendo deixar totalmente preparado o número 5. Para isto, o adxudicatario queda obrigado a presentar, en primeira instancia, o proxecto construtivo e de selaxe da ampliación sur, así como os permisos e autorizacións vixentes, en particular, a Autorización ambiental Integrada, o Estudo de Impacto Ambiental e a Declaración de Impacto Ambiental, dando así escrupuloso cumprimento á lexislación aplicable na materia.

Con esta ampliación, Sogama contará no vertedoiro con espazo suficiente para procesar 1.260.000 toneladas de lixo, unha medida preventiva posta en marcha ata a plena implantación do novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020.

### **Execución e explotación**

As obras e infraestruturas que se levarán a cabo abranguen desde os edificios de servizo, pesaxe e control ata a construción de pistas de acceso exteriores e interiores, pasando polas acometidas e instalacións eléctricas, redes de voz e datos, sistemas de vídeo-vixilancia e depuradoras.

Así mesmo, con carácter previo ao comezo da explotación dunha cela de vertedura, faise necesario que a seguinte se atope totalmente executada e aprobada por parte da Administración competente, incluídos os sistemas de drenaxe, condución e recepción de lixiviados.

A xestión do vertedoiro recolle, entre outros moitos labores, a recepción dos vehículos de transporte de residuos, o control dos sistemas de pesaxe durante as 24 horas do día e o acondicionamento das plataformas necesarias de cara a garantir a entrada directa de camións e a súa posterior descarga, utilizando para isto as escouras procedentes do depósito de inertes do complexo ambiental de Cerceda, que tamén se empregarán como material de cubrición sobre a capa de lixo compactado.

O mantemento, tanto predictivo como preventivo e correctivo, cobrará especial protagonismo, sobre todo no caso das láminas de impermeabilización e xeosintéticos instaladas, estendéndose a toda a operativa vinculada ao contrato. En todo caso, as instalacións serán obxecto dunha escrupulosa limpeza, efectuando controis de lexionela, desinfeccións, desinsectacións e desratizacións, que se complementarán con tarefas de conservación e xardinería.

A realización de selaxes parciais a medida que avance a enchedura de cada vaso será outro dos requisitos que deberá ter en conta o contratista, quen procederá a separar as pluviais e escorrentías dos lixiviados, evitando a súa entrada no vaso de vertedura e xestionando axeitadamente os líquidos provenientes das augas de lavado e dos propios lixiviados.

Dado que a capacidade de tratamento destes últimos será un valor fixo, limitarase a súa produción debido á choiva, acotando a superficie de explotación exposta á auga, que será de 8.000 metros cadrados no verán e de 2.500 metros cadrados no inverno.

### **Posclausura**

Dentro do mantemento posclausura do vertedoiro inclúense as fases 1, 2 e 3, así como o recrecido da fase 1 e ampliación do mesmo. Acometer a súa selaxe definitiva implicará a subministración, colocación e anclaxe dunha lámina xeorede drenante de polietileno, así como a carga, transporte, estendido e compactación sobre a mesma dunha capa de 50 centímetros de solo seleccionado, que ademais de servir de protección, actuará como soporte ás plantacións que se realicen a posteriori. Conforme se vaian acometendo os labores de selaxe, realizarase unha hidrosemente con herbáceas e arbustivas sobre a capa de terra vexetal para incrementar a integración paisaxística da selaxe e contribuír á estabilidade das terras. Así mesmo, procederase á execución e/ou acondicionamento da rede de pluviais das fases de referencia co fin de garantir a correcta drenaxe das augas superficiais e a súa condución ás zonas de tratamento.

Considerarase que a obra de selaxe e clausura definitiva estará totalmente finalizada cando Sogama obteña por parte da Administración a declaración pertinente, debendo axustar igualmente os traballos de mantemento á operación e limpeza da rede de pluviais, así como á xestión dos equipos de depuración de lixiviados, que contarán con dedicación exclusiva de persoal durante todo o ano (24 horas ao día).

## **A XUNTA SUBVENCIONA CON MÁIS DE 260.000 EUROS AO CONCELLO DA CORUÑA PARA REMATAR A TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL**

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para finalizar a adaptación do PXOM da Coruña á Lei do solo*
- *O pasado 9 de marzo de 2012 foi aprobada a memoria ambiental, visto e praxe que implica que a día de hoxe o concello se atopa en disposición de aprobar provisionalmente o documento do plan*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Coruña para o remate do trámite de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade. Neste sentido, o departamento que dirixe Agustín Hernández achegará máis de 260.000 euros para colaborar co concello na actualización o Plan Xeral á nova Lei do solo galega.

O pasado 9 de marzo de 2012 foi aprobada a memoria ambiental do PXOM da Coruña, visto e praxe que implica que a día de hoxe o concello se atopa en disposición de aprobar provisionalmente o documento do plan, paso previo á aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia.

Ambas as administracións públicas son conscientes da necesidade de continuar a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sustentable e contribuír ao progreso económico e social do concello da Coruña e da súa área de influencia coa finalidade de mellorar a calidade de vidas dos cidadáns.

A Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente, ten atribuídas as competencias específicas en materia de urbanismo entre as que se atopan a aprobación definitiva do PXOM, ademais do labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

Cómpre recordar que o planeamento urbanístico vixente no municipio da Coruña constitúeo o Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o día 19 de outubro de 1998.

### **Obrigas do concello**

Coa sinatura deste convenio de colaboración o Concello da Coruña asume a obriga de efectuar a aprobación provisional do documento do PXOM e realizar a súa entrega á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a aprobación definitiva, así como un documento refundido debidamente cotexado. Tamén facilitará o acceso a

todo tipo de información, que teña relación co obxecto deste acordo e contribuír no financiamento do 50% restante.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións crearase unha comisión de seguimento que propondrá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución.

## **EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FUNCIONAMENTO DE CENTROS EDUCATIVOS**

- ***Os centros beneficiados son o Calvo Sotelo, que imparte formación profesional, e o IES Rafael Puga Ramón***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña asinarán dous convenios, un para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2012-2013. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Con esta iniciativa, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.



## **BENESTAR INVESTIRÁ ESTE ANO 3,2 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR MÁIS DE 2.800 PRAZAS DE ESCOLAS INFANTÍS DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL**

- *As subvencións poderán ser solicitadas polas asociacións sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais*
- *O Consello da Xunta vén hoxe de dar o visto e praxe a esta liña de axudas que sairá publicada no Diario Oficial de Galicia este mesmo mes*
- *Con estas subvencións as entidades poden financiar os gastos de persoal, alimentación e outros xerais de mantemento dos centros*
- *A convocatoria de axudas prevé a concesión dun anticipo do 25 por cento cando o importe supere os 18.000 euros*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 3,2 millóns de euros para financiar máis de 2.800 prazas de escolas infantís xestionadas por entidades privadas de iniciativa social. O Consello da Xunta vén hoxe de dar o visto e praxe a esta liña de subvencións que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* este mesmo mes. A partir da súa publicación no DOG, as entidades contarán cun mes de prazo para presentar a súa solicitude.

A estas axudas, de concorrencia competitiva, poderán optar todas aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

A través destas subvencións, as asociacións poden financiar os gastos de persoal, alimentación e outros xerais de mantemento dos seus centros. Ademais, a convocatoria de axudas prevé a concesión dun anticipo de ata o 25 por cento cando o importe da axuda supere os 18.000 euros. Se non supera esta cantidade, o anticipo poderá chegar ata o 80 por cento. Durante o ano 2011, financiáronse por esta vía máis de 2.800 prazas nun total de 53 escolas infantís.

A axuda ao mantemento dos centros dependentes de entidades de iniciativa social ten unha importante relevancia porque fomenta a oferta de prazas nas mesmas condicións que as escolas públicas.

O Executivo autonómico ten entre os seus principais obxectivos a ampliación da oferta das escolas infantís de cero a tres anos dado que constitúen unha ferramenta básica para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Galicia conta na actualidade con máis de 16.300 prazas financiadas con fondos públicos, das que 7.151 pertencen á rede 'Galiña Azul' Nesta lexislatura, o Goberno galego puxo en marcha un total de 2.400 novas prazas de 0-3, o que supón un incremento do 44% con respecto ás que existían en abril de 2009.

## **A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE MADRID-GALICIA SOBRE VARIOS MONTES VECIÑAIS EN OURENSE**

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende terreos dun total de 21 comunidades de montes veciñais en man común de 7 concellos ourensáns, cunha superficie de afección de case 4.000 hectáreas***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública das obras de construción da plataforma da liña de alta velocidade Madrid-Galicia sobre a que cualifica varios montes veciñais en man común da provincia de Ourense. A superficie total de afección é de 3.916,97 hectáreas.

Resultarán afectadas un total de 21 comunidades de montes veciñais en man común, situadas nos concellos da Gudiña, A Mezquita, Baños de Molgas, Castrelo do Val, Laza, Vilar de Barrio e Vilariño de Conso.

Este acordo recolle as afeccións das obras de construción da plataforma do AVE Madrid-Galicia, concretamente de seis tramos que transcorren pola provincia de Ourense: Lubián-Vilavella, Vilavella-Vilariño, Vilariño-Cerdedelo, Cerdedelo-Porto, Porto-Miamán e Miamán-Ponte Ambía.

As obras de construción da plataforma afectan o 1,4% do total de superficie de monte veciñal en man común da provincia ourensá.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O PLAN DIRECTOR DE TURISMO ENOGASTRONÓMICO DE GALICIA**

- ***O plan ten por obxecto definir as estratexias e accións que impulsen o produto gastronómico e o enoturismo en Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan Director de Turismo Enogastronómico de Galicia. O documento, desenvolvido pola Secretaría Xeral para o Turismo, ten en conta o gran potencial de Galicia no desenvolvemento deste tipo de turismo e para a súa realización analizouse todo o potencial turístico da gastronomía e os viños, o territorio galego e a súa realidade, así como todas as oportunidades que brinda o mercado.

O documento está estruturado en oito partes. Na primeira delas contextualízase o turismo gastronómico en Galicia e detállanse os precedentes desta tipoloxía de turismo anteriores a este plan director. Na segunda parte defínense os obxectivos do plan, que pasan por impulsar a competitividade do turismo enogastronómico en Galicia, desenvolvendo produtos turísticos de calidade baseados na identidade do territorio e vinculados á súa tradición culinaria.

A terceira parte do Plan comprende unha análise da situación interna na que se examina a realidade turística dos produtos enogastronómicos que subxacen no territorio así como a complementariedade do produto turístico enogastronómico con outros produtos turísticos coma o turismo cultural, o turismo relixioso ou o turismo de reunións, entre outros. A cuarta parte do documento recolle a análise da situación externa que comprende a demanda, a competencia, as tendencias e a imaxe e posicionamento da marca *Galicia, gárdasme o segredo?*. A quinta parte está composta por unha análise DAFO, que recompila as fortalezas e debilidades da planificación e xestión do destino turístico e do produto turístico, así como as oportunidades e ameazas da imaxe e posicionamento e da análise externa.

A sexta parte do documento abrangue a visión estratéxica que se podería concretar en facer de Galicia un destino enogastronómico atractivo e de gran calidade, que conte cunha gama de servizos e produtos turísticos experienciais ligados á súa propia identidade e á singularidade da súa gastronomía e viños, asegurando a satisfacción dos turistas que o elixen, tanto se veñen cunha motivación exclusivamente gastronómica como se veñen con outras motivacións.

Os obxectivos estratéxicos que se desenvolven no Plan pasan por crear produtos turísticos gastronómicos baseados nos principais recursos endóxeos que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico de todos os territorios, fomentando a economía local e o equilibrio territorial. Tamén se inclúe a creación de servizos, actividades e eventos turístico-gastronómicos competitivos e de alta calidade que actúen como reclamos do

conxunto da oferta; así como o fomento e desenvolvemento de actividades e experiencias innovadoras e singulares que contribúan ao posicionamento de Galicia como destino gastronómico. No Plan propónse tamén a xeración de novas alternativas económicas para os sectores primario e secundario mediante o desenvolvemento da súa actividade turística. Así como o incremento dos fluxos de turistas atraídos pola oferta enogastronómica de Galicia e facilitar o consumo do produto turístico gastronómico dos turistas que elixan Galicia con outras motivacións.

Dentro do Plan tamén se incorporan medidas como a promoción dos recursos e produtos endóxeos galegos, o establecemento de sinerxias entre a oferta de Turismo Enogastronómico e as campañas de promoción de Galicia.

Na parte sétima do documento abórdase a organización e xestión dos destinos, produtos temáticos, servizos e experiencias enogastronómicas e elabóranse os criterios que deben seguir para acadar éxito na posta en marcha do produto turístico.

Na última parte do plan establécense os eixos estratéxicos que se estruturan en Organización e Implementación do Plan Director; Impulso de destinos enogastronómicos; Desenvolvemento de produtos turísticos enogastronómicos; Marketing enogastronómico e Formación, calidade e innovación.

Os eixos estratéxicos desagréganse en accións como a comunicación do plan aos axentes implicados; a creación dun mapa enogastronómico e a creación dunha rede de espazos enogastronómicos nos xeodestinos; a elaboración de programas de xeración de produtos –dentro deste eixo enmárcase a Xornada de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia que se celebrará este mes ou unha actuación de promoción da gastronomía de Galicia en Madrid-; programas de prescritores e embaixadores ou programas de formación e innovación no sector –como os cursos da Escola de Organización Industrial que imparten módulos específicos de enogastronomía-.

### **Potencial galego para o Turismo Enogastronómico**

En Galicia existe a maior variedade de produtos do mar do mundo. Galicia é o primeiro produtor e consumidor español de peixe. A gastronomía galega conta con máis de 500 Indicacións Xeográficas Protexidas e temos viño de cinco Denominacións de Orixe Protexidas. En Galicia existen 841 industrias agroalimentarias e hai 10 restaurantes don Estrella Michelin e 18 distinguidos con Soles Repsol. Contabilízanse na comunidade máis de 300 festas gastronómicas que impulsan o sector turístico e promocionan os produtos con indicación de calidade. A gastronomía é, despois da natureza, a segunda motivación dos turistas para elixir Galicia como destino.

## **O TELÉFONO ÚNICO DO SERGAS PERMITIU HOMOXENEIZAR A ATENCIÓN TELEFÓNICA SANITARIA E AMPLIAR A ATENCIÓN AS 24 HORAS DO DÍA OS 365 DÍAS DO ANO**

- ***Os usuarios acceden a través do seu centro de saúde ou do teléfono 902 077 333***
- ***O sistema de atención automática xestionou máis de 1,2 millóns de chamadas desde a súa posta en marcha e cada semana asigna máis de 17.000 citas***
- ***A posta en marcha desta iniciativa permitiu un aforro estimado de máis de 10 millóns de euros nunha lexislatura***
- ***Posibilita xestionar citas para atención primaria realizar unha consulta telefónica con persoal sanitario e, no futuro, realizar calquera trámite relacionado co ámbito sanitario***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou hoxe aos membros do Consello da Xunta dos primeiros datos da posta en marcha do teléfono único do Servizo Galego de Saúde, que unificou a atención telefónica sanitaria. O teléfono atende as 24 horas do día os 365 días do ano apoiándose na incorporación dun sistema automático de recoñecemento de voz tanto en galego como en castelán e mantendo sempre o apoio de persoas en caso de problemas co sistema automático.

En so seis meses de funcionamento o aforro estimado é de 1,8 millóns de euros. O Sergas aforrou na facturación por servizos de operadores de cita previa máis de 1,1 millóns de euros, e ademais, estímase que coa habilitación dos números de cita nos centros de saúde, neste período os cidadáns teñen aforrado máis de 640.000 euros.

Rocío Mosquera indicou que cada semana se están a asignar máis de 17.000 de citas polo sistema de atención automática e cada mes estanse a atender 25.000 solicitudes de cita. En total, desde a súa posta en funcionamento xestionou máis de 1.256.000 chamadas.

Esta actuación, iniciada en setembro de 2011 e que remata este mes a súa implantación progresiva, permitiu integrar os teléfonos de cita nun esquema unificado e ademais estendeu o número único de atención sanitaria a toda a comunidade; a través destes, os usuarios solicitan citas para atención primaria e realizan consultas telefónicas con persoal sanitario.

Os usuarios poderán tamén en breve realizar calquera trámite e consulta telefónica relacionada co ámbito sanitario con novos servizos como anulación e modificación de citas hospitalarias; trámites administrativos (tarxeta sanitaria, reclamacións); informativos (prestacións, dereitos asistenciais, servizos dispoñibles, localización, horarios); información sobre campañas específicas (vacinación, tabaquismo, gripe); e servizos de promoción da saúde (vagas de calor, seguimento de pacientes de risco, seguimento de pacientes de alta as fins de semana). Entre as novidades desta iniciativa destaca que cando un usuario que chame para pedir cita se lle ofrezca a posibilidade de

realizar unha consulta telefónica a persoal sanitario que podería solucionar directamente o seu problema.

### **Optimización do sistema**

Cada usuario elixe como acceder, ben chamando ao seu centro de saúde ou a través do 902 077 333. Esta solución implica o aproveitamento das novas tecnoloxías para facer máis eficiente un servizo no que aproximadamente o 85% das solicitudes son estándar e, polo tanto, susceptibles dunha sinxela automatización.

A implantación deste servizo permite aliviar a presión asistencial ao tempo que facilita o acceso dos usuarios ao sistema sanitario evitándolles desprazamentos innecesarios.

Así, estas medidas permiten que o usuario contacte co número único para calquera xestión relacionada coa sanidade, que o persoal administrativo dos centros de saúde poida implicarse de novo na xestión de cita previa telefónica, optimizando deste xeito os recursos técnicos e humanos cos que xa conta o sistema público- e que o sistema de recoñecemento de voz (IVR) se atende en momentos de saturación dos administrativos, ofrecendo a posibilidade de facelo tanto en galego como en castelán, e durante todo o día.

O sistema anteriormente existente caracterizabase por un exceso de número de teléfono, sistemas dispares e incompatibles, pouco adaptable ás novas tecnoloxías, e con escasa flexibilidade de adaptación ás necesidades dos usuarios. Así, baseábase na prestación da atención telefónica do Sergas por parte de operadores contratados a empresas externas, era pouco eficiente e heteroxéneo, e desaproveitaba totalmente a capacidade de atención do persoal propio do Sergas.

## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREA A ESCOLA DE SAÚDE PARA PAIS E NAIS**

- ***O obxectivo é informar e axudar os proxenitores con coñecementos necesarios para afrontar o coidado dos fillos desde bebés e nas diferentes etapas dos nenos***
- ***Así, abordaranse datos sobre enfermidades, coidados de saúde, e recursos para promover estilos de vida saudables así como para o desenvolvemento físico e psicolóxico dos fillos***
- ***Este proxecto está enmarcado dentro das actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns***

A Consellería de Sanidade pon en marcha a Escola de Saúde para Pais e Nais co obxectivo de mellorar os coñecementos e habilidades dos proxenitores sobre temas de saúde dos seus fillos. Así, en detalle, esta escola ten a finalidade de proporcionar coñecementos para realizar adecuadamente os coidados de saúde, promovendo actitudes positivas para o desenvolvemento saudable dos seus fillos e, ademais, para coñecer, previr e afrontar as enfermidades propias da infancia, desde o nacemento e en todas as etapas do seu crecemento, e minimizar a inqueda ante a nova situación creada pola chegada dun fillo.

A creación desta Escola enmárcase dentro das actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Ademais, este proxecto está incluído na Estratexia Sergas 2014.

A Consellería de Sanidade é consciente de que a familia, as súas funcións e os roles que desenvolven os pais necesitan dunha continua adaptación aos cambios sociais, económicos e culturais que se produzan. No ámbito da saúde e dos coidados dos fillos, o papel dos pais é fundamental. Esta tarefa, xunto coa función educativa, é un labor continuado, do que dependerá, en gran medida a saúde dos seus fillos, o seu futuro e o seu desenvolvemento persoal.

No marco da Escola para pais e nais realizaranse tres tipos de actividades divididas en talleres para pais con fillos prematuros, talleres de coidados para o bebé e nos seus primeiros meses de vida e curso superior de pais.

Do taller para pais con fillos prematuros faranse tres edicións (A Coruña, Santiago e Vigo); do taller de coidados ao bebé realizaranse sete edicións nas sete grandes cidades, e do curso superior realizarase polo menos unha primeira edición.

A programación dos diferentes talleres realizarase a través da páxina web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, onde tamén poderán inscribirse todos os interesados en participar <http://www.sergas.es/EscolaSaude/>

## **A XUNTA VÉN DE REMATAR O PROXECTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA, QUE SERÁ ENTREGADO MAÑÁ AO PARLAMENTO**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo ao proxecto deste Plan, que dá resposta ao compromiso adquirido polo Goberno galego neste eido***
- ***É a primeira vez que unha comunidade autónoma propón de maneira decidida un plan destinado á dinamización demográfica con medidas transversais***
- ***É un plan necesario: o 22 por cento da poboación de Galicia ten máis de 65 anos***
- ***As principais conclusións da Comisión parlamentaria de revitalización demográfica foron incorporadas tamén a este Plan, así como a visión dos expertos neste ámbito***

O Goberno galego vén de rematar o proxecto do “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2012-2015. Horizonte 2020”, que será entregado mañá ao Parlamento de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao proxecto deste plan, que dá resposta ao compromiso adquirido polo Goberno galego para o impulso demográfico de Galicia.

Trátase da primeira vez que unha comunidade autónoma propón de maneira decidida un Plan para atallar o problema demográfico, que é especialmente importante en Galicia. De feito, o 22 por cento da poboación de Galicia ten máis de 65 anos e os indicadores de natalidade, idade media ou evolución poboacional son en Galicia peores que na media do Estado e que na media europea.

En toda Europa, véñse rexistrando unha transformación demográfica nos últimos anos que obedece a cambios tanto económicos e sociais, nos que inflúen factores como o incremento da esperanza da vida, o retroceso da idade da primeira maternidade ou a diminución das familias extensas. Os expertos denominan a este envellecemento da poboación que se está a producir como “inverno demográfico”.

Por isto, é preciso que Galicia adopte medidas específicas e unha folla de ruta a longo prazo para poder garantir a sustentabilidade do sistema. É, polo tanto, obriga da Administración autonómica dar resposta ao problema demográfico, actuar con responsabilidade e facelo de forma inmediata e con perspectiva de futuro.

Para cumprir con estas características, o Plan parte da realidade específica de Galicia e adopta unha perspectiva transversal para facer fronte a este problema estrutural. Ademais, esta iniciativa precisa da colaboración de todos os axentes políticos, sociais e económicos para manter un compromiso sólido e invariable no tempo; ao tempo que require tamén dunha maior sensibilización do conxunto da sociedade.



Para conseguir a máxima colaboración e diálogo nestas medidas, mañá mesmo remitirase este Plan aos grupos parlamentarios e á Comisión non permanente de estudo para a elaboración do Plan de dinamización demográfica de Galicia. No propio Plan inclúese as principais conclusións obtidas por esta Comisión, así como a visión dos expertos que participaron nas distintas comparecencia da mesma.